

04.11.10. NOTA DE PRENSA DA COMISIÓN VECIÑAL DE PERSOAS AFECTADAS DE BÉRTOLA (VILABOA) E A APDR, que veñen de presentar alegacións a unha subestación en Bértola (equivocadamente chamada de Tomeza) e a súa entrada e saída (expedientes IN407A 10/65-4 e IN407A 10/66-4) do Plan de ELECTRIFICACIÓN DO EIXE ATLÁNTICO DE ALTA VELOCIDADE:

A veciñanza da parroquia de Bértola e a APDR, dende 2008, veñen demandando ao Concello de Vilaboa ordenanzas proteccionistas ante a caótica exposición á contaminación electromagnética (antenas de telefonía móbil, liñas de alta tensión), en base ao Principio de Precaución defendido polo Informe Bioinitiative, a Axencia Europea de Medio Ambiente, e o propio Parlamento Europeo: demandando límites máis estritos na exposición (0,1 microwatios/m²), participación e negociación previa á instalación coa veciñanza, control municipal con datos públicos das emisións en tempo real, ...

Nesta liña de demanda ao Concello veñen de alegar en tempo e forma no Departamento Territorial de Pontevedra da Consellería de Economía e Industria contra este proxecto de electrificación:

– Denunciando a **falta dun estudo previo de avaliación de incidencia ambiental global de todo o Plan de Electrificación do Eixe Atlántico de Alta Velocidade no seu conxunto** (do que esta subestación so é unha parte máis), a nivel galego e a nivel de Vilaboa, incluíndo o proxectado Centro de Autotransformación en Bértola (que alimentaría á subestación obxecto destas alegacións), a súa traída de liñas de alta tensión (dende a súa orixe: central nuclear ou térmica) e as súas ampliacións; co sumatorio e concentración doutros contaminantes electromagnéticos, a afectación paisaxística, vexetal e da avifauna e o perigo de explosións e incendios.

Consideramos que a **atomización deste plan de electrificación**, en diversos proxectos, con distintas fases de implantación e cada un co seu proceso administrativo independente, **encubre o impacto global** impedindo a valoración razoada de emprazamentos alternativos.

– Declarando que **en todo caso se debería negociar a localización coa veciñanza implicada** con criterios de principio de cautela **minimizando a exposición atendendo as alternativas posibles e garantindo distancias proteccionistas**, na liña proposta polo Parlamento Europeo¹, e os estudos que xustifican 1 metro de distancia a edificios por cada kilovoltio de tensión nominal², garantindo mecanismos de control local.

– **Solicitando a retirada desta exposición pública e a anulación do acto por ser a exposición insuficiente para informar do que se pretende**, favorecendo a indefensión xurídica da veciñanza.

¹ Apartado 8 da Resolución do Parlamento Europeo de 2009:

<http://www.europarl.europa.eu/sides/getDoc.do?pubRef=-//EP//TEXT+TA+P6-TA-2009-0216+0+DOC+XML+V0//ES>

² Recollidas polo Instituto de Bioelectromagnetismo Alonso de Santa Cruz ou a Fundación Europea de Bioelectromagnetismo